



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### RIBEIRA

*Lista provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a provisión dunha praza de profesor/a de gaita (estabilización de emprego temporal)*

**DECRETO:** Aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para provisión en propiedade dunha praza de **PROFESOR/A DE MÚSICA NA ESPECIALIDADE DE GAITA** en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022, en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Expte. 2023 ESTB000023.

VISTO o expediente que se tramita para a provisión en propiedade dunha praza de PROFESOR/A DE MÚSICA NA ESPECIALIDADE DE GAITA, en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022 e publicada no DOG número 103 do 31/05/2022 e no BOP da Coruña número 90 do 12/05/2022, a través do sistema de selección de CONCURSO DE MÉRITOS, segundo as Bases de selección que foron aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22/12/2022, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 244 do 27/12/2022, no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), así como na súa páxina web, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial, no Diario Oficial de Galicia número 52 do 15/03/2023, no Boletín Oficial do Estado número 114 do 13/05/2023 e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle están conferidas, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aproba-la lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

Orde	Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I. cifrado	Admitido/a	Causa da exclusión	Exento/a Proba galego
1	Mouriño Freire Ricardo Manuel	***1687**	Si		Si
2	Riveira Campillo Jesús	***8017**	Si		Si
3	Vidal Trabada Ánxela	***6020**	Si		Si

A inclusión dos aspirantes na lista provisional de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

**Segundo.-** A lista provisional de admitidos/as e excluídos/as publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Así mesmo, a título informativo e complementario, publicarase na páxina web do Concello de Ribeira ([www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal)) no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

De conformidade co disposto na Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, dispónse dun prazo de **5 días hábiles**, contados desde o seguinte ó da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na listaxe publicada.

En Ribeira, a 16 de xuño de 2023. O alcalde en funcións, Manuel Ruiz Rivas (Corporación en funcións – Eleccións Locais do 28/05/2023). Dou fe, o secretario xeral, Juan Manuel Salguero del Valle.

2023/4862